POESIAGALEGA.ORG
arquivo de poéticas contemporáneas na cultura

GAAP
GRUPO ALEA DE ANÁLISE POÉTICA

A poesía de Celso Emilio Ferreiro

Pere Gimferrer

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GIMFERRER, PERE (2011 [1989]). "A poesía de Celso Emilio Ferreiro". *Dorna*: 15, 61-62. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/575>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GIMFERRER, PERE (1989). "A poesía de Celso Emilio Ferreiro". *Dorna*: 15, 61-62.

* Edición dispoñíbel desde o 30 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

A POESÍA DE CELSO EMILIO FERREIRO

Pere Gimferrer

Longa noite de Pedra aparecido en edición bilingüe viu a luz no seu orixinal galego cinco anos antes. Basilio Losada, traductor e prologuista do libro, dicíanos que este "constitúe o máis espectacular éxito literario da literatura galega de posguerra... Para os poetas novos foi unha revelación e, Celso Emilio Ferreiro moi en contra da súa vontade, constituíuse en mestre de toda unha xeración de poetas..."

Estas palabras débense encadrar no panorama evolutivo da literatura galega que traza Losada no seu prólogo. Para o lector non galego cómpre recoñecer que se trata dunha zona literaria moi mal coñecida, moito menos –coido– do que pode se-la literatura catalana noutras latitudes peninsulares, aínda descontando o maior pulo cultural vernáculo en Catalunya. (Aquí o lector agradecerame sen dúbida que lle aforre as habituais consideracións –polo de maís de todo xustificadas– acerca deste illacionismo entre as distintas literaturas da península).

Autocaricatura de C. E. Ferreiro

Celso Emilio Ferreiro (1914-1978) poeta en galego e castelán. Coñecemos dous libros seus en castelán, ó parecer pouco significativos: *Al aire de tu vuelo,* 1941, e *Baladas, decires y donaires,* 1947; e catro en galego *Cartafol de poesía,* 1935, *O soño sulagado,* 1954, *Longa noite de pedra,* e *Viaxe ao país dos ananos.* Moi toscamente, poderíase se cadra caracterizar ese libro adscribíndoo na liña de denuncia político-social que tivo en España o seu momento de maior pulo, aproximadamente, na segunda metade dos cincuenta e a primeira metade dos sesenta. Pero limitarnos a esta caracterización –por máis que o prólogo de Losada, por outra banda tan eficaz, pareza escrito "desde dentro" de dita postura– sería cometer unha dobre inxusticia co libro: a de supoñelo obra de escola, e ademais dunha escola actualmente en crise como tal. Pola contra, *Longa noite de pedra* prendeu en nós coa peculiar forza expansiva que posúe a escritura dun auténtico poeta, e da que empezan a aparecer consternadoramente faltos para o lector actual moitos libros de poesía que dez ou vinte anos atrás fixeron bota-las campás ó voo. Que esta ou aquela pasaxe de *Longa noite de pedra* se poida revelar ocasionalmente tributaria

máis directa daquela escola, é unha circunstancia totalmente irrevelante ante a indiscutible personalidade creadora de Ferreiro, quen –como todo verdadeiro poeta, social ou non– transcende en moito as lindes e anula os perigos da corrente que en parte o inspira, do mesmo modo que neles atopan o seu castigo os mediocres.

Algún poema excesivamente discursivo, próximo á simple arenga ou declaración programática, haberá que cargalo na conta dunha época literaria e, sobre todo, das circunstancias políticas e sociais que a determinaron. Así, "Credo", "Aire puro", "Esperanza" ou "Os honorábeles" son poemas que como tódolos da liña na que se adscriben, van perdendo axiña vixencia a medida que os mesmos evolucionan cara a formas máis sutiles de expresa-lo que nelas se nos di.

Pero a personalidade artística de Ferreiro non se debe buscar en tales composicións, aínda que elas ilustren coa mesma coherencia cás outras as súas constantes éticas. Tanto como estas, define a Ferreiro o vigor expresivo e a precisión e riqueza das imaxes. Non hai na súa poesía, como observaba Losada no prólogo, aquela melancolía difusa e adozada que se adoita asociar topicamente ó galaico; iso non impide que a poesía de Ferreiro posúa a miúdo unha lene emoción nostálxica, sempre contida, ben sexa en poemas máis directamente testemuñais –"Soldado"–, ben noutros de acento lírico "Pranto por Carles Riba", "A sombra", "Cantiga de amigo para Joan Miró", "Romance pesimista de fin de ano" (que glosa fermosamente un coñecido motivo de Villon), "O arbre", "O hórreo"... Nin cando o poema ten unha intervención máis predominantemente reivindicadora, a poesía de Ferreiro descende, nunca excesivamente, de ton (o que non se podería dicir de moitos que poetizaron en castelán desde estas premisas), gracias á súa sarcástica vea expresiva –que me lembrou en ocasións a Espriu–, o rigoroso cálculo interno que equilibra cada poema e o admirable sentido da imaxe poética. Esta é a miúdo de raíz irracionalista e surreal –a influencia de Neruda non foi inoperante: véxase, como mostra máis significativa, o fermoso poema "Louvanzas dos canteiros"– e mesmo claramente emparentada con algúns efémeros movementos dos anos vinte, tan importantes para a evolución experimental da imaxe poética. Nembargantes, Losada estába no certo ó observar que a imaxe en Ferreiro é sempre funcional: a súa multiplicidade e audacia non extravía ó lector nun arabesco: lonxe de facernos perder de vista o conxunto de cada composición tende a poñelo máis de relevo.

Longa noite de pedra, á parte da significación capital que tivo na literatura galega contemporánea, é o libro importante dun poeta vigoroso, maduro e persoal. Non queda senón agardar que a súa difusión fóra de Galicia aumente este ano adicado a C. E. Ferreiro o auditorio que a calidade do poemario xa mereceu no seu día.

Celso Emilio Ferreiro nos anos 60.